



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



REGULAMENTO XERAL DE LICENZAS DA

FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS

- Aprobado pola Xunta Directiva e Comisión Delegada da Federación Galega de Tenis o día 03/12/2021

Ratificado na Asemblea Xeral de 18 de decembro de 2021





TÍTULO I – OBXECTO, NATUREZA E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

Artigo 1º.

- 1.- O presente Regulamento de Licenzas ten por obxecto, a regulación das distintas licenzas federativas da Federación Galega de Tenis (FGT).
- 2.- Subordinado aos Estatutos da mesma, expresamente contemplado no artigo 5.1. h) da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, do 2 de abril.
- 3.- A presente disposición aplicarase a tódalas persoas físicas ou xurídicas que practiquen, participen ou interveñan, no desenvolvemento de calquera modalidade de tenis federado en Galicia competencia de esta Federación Galega de Tenis.

Artigo 2º.

- 1.- A licenza federativa é o documento de carácter persoal e intransferible que outorga aos seus titulares a condición de membros da Federación Galega de Tenis a través dos distintos estamentos.
- 2.- A obtención da licenza federativa comportará para o seu titular a aplicación dos dereitos e deberes previstos nos Estatutos federativos e Regulamento Xeral de Competicións para os membros dos correspondentes estamentos.
- 3.- Para a participación en actividades ou competicións oficiais da Federación Galega de Tenis precisase estar en posesión de licenza federativa expedida por esta.
- 4.- Así mesmo, as licenzas expedidas pola Federación Galega de Tenis habilitarán aos seus titulares para participar en competicións oficiais de ámbito territorial superior nos casos e condicións que estableza a correspondente normativa da Federación Española de Tenis.

TÍTULO II - DAS LICENZAS FEDERATIVAS.

Artigo 3º.

- 1.- Os efectos do presente Regulamento, enténdese por licenza federativa, o documento expedido pola FGT que acredita a afiliación do seu titular a mesma, será válida áta o final da tempada da súa expedición. Será tramitada e validada na Federación Española de Tenis (RFET).
A temporada deportiva da Federación Galega de Tenis é do 1 de outubro ao 30 de setembro do ano seguinte.
Denomínase, en adiante, “deportista” a/o deportista federado, entendéndose que pode ser de calquera sexo ou orientación sexual. O mesmo criterio debe aplicarse a “árbitro”, “adestrador” e “monitor”.
- 2.- A FGT emitirá unha licenza federativa, individual, por cada tempada, para cada persoa física ou xurídica. Esta licenza será uniforme para os membros de cada estamento e categoría.
- 3.- A licenza federativa de tenis, non fai diferenza entre as funcións do seu destinatario, e presentará as modalidades seguintes:



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



- a) Licenza de xogador/a tenis.
- b) Licenza de xogador/a tenis-cadeira
- c) Licenza de xogador/a tenis praia.
- d) Licenza de xuíz-árbitro
- e) Licenza de adestrador
- f) Licenza de clube

4.- Os/as titulares dunha licenza federativa, terán os dereitos e as obrigacións establecidas nos estatutos da FGT, no presente Regulamento, no Regulamento Disciplinario e demais normas que lle sexan de aplicación.

Artigo 4º.

Na licenza deberá constar imprescindiblemente, en galego e castelan, os datos seguintes:

Número de identificación, nome e apelidos, nomes das federacións española e galega, nome do club, tempada para a que está en vigor, número de D.N.I., ano de nacemento, cotas abonadas desglosadas, datos do seguro deportivo e calquera outro dato que se considere de interés, estamento e Especialidade deportiva

Para os deportistas independentes, de existir, pertencentes a FGT deberá constar a palabra “independente” en lugar do nome do club.

Os dereitos federativos dos titulares da correspondente licenza federativa están desenrolados no seguinte enlace na páxina web da FGT <http://www.fgtenis.net/file2/EstatutosPublicacionWeb23112016.pdf>

- No caso dos deportistas en idade escolar o seguro deportivo será aboado íntegramente pola Xunta de Galicia.

Artigo 5º.

A posesión da licenza federativa e obligatoria para participar en tódolos eventos de tenis oficiais e homologados pola FGT e RFET, especialmente:

- a) Campionatos Galegos.
- b) Torneos celebrados en España, valedeiros para o ranking.
- c) Participar en Torneos Internacionais representando a FGT.
- d) Participar en cursos oficiais de formación ou reciclaxe da FGT e RFET.

Artigo 6º.

1.- As cotas federativas serán aprobadas pola Asemblea Xeral da FGT e entrarán en vigor na tempada seguinte a súa aprobación.

2.- A tramitación das licenzas faránse a FGT no prazo mais corto posible para constancia da mesma e con efecto en todo o territorio estatal.

3.- A xunta directiva da FGT poderá establecer procedementos para a renovación, alta e baixa das licenzas mediante formularios que se procesarán por rede informática.





programas informáticos de intercambio de datos.

4.- A FGT non expedirá licenzas se non están previamente aboadas. Excepcionalmente, a xunta directiva da FGT poderá acordar un prazo determinado para a súa liquidación pero sempre antes de finalizar a tempada en curso.

5.- A FGT deberá contratar un seguro obligatorio, según o art. 59.2 da Lei do Deporte 10/1990 de 15 de outubro e según Real Decreto 849/93, de 4 de xuño, polo que se determinan as prestacións mínimas do seguro obrigatorio deportivo.

6.- Os clubs poderán tramitar altas novas desde o 1 de outubro ao 31 de agosto de cada tempada, sendo o prazo de validez das mesmas áta o día 30 de setembro da tempada da emisión.

7.- A/o deportista pode solicitar o seu cambio de club para a nova tempada, desde o 1 ao 31 de agosto enviando a súa solicitude a FGT.

No caso de que un xogador solicitara o cambio de club durante o transcurso da tempada, deberá ser autorizado polo club anterior e non haber participado en competición por equipos.

8.- As licenzas poderán estar soportadas en papel a petición do/a deportista para o uso propio deste documento. Poderanse expedir en soporte informático, figurando na web da FGT para a súa consulta e acreditación.

TITULO III - XOGADORES E CLUBES

Capítulo 1º - Xogador Federado.

Artigo 7º.

1.- Entenderase por deportista federado, quen posúa unha licenza da FGT expedida ao seu nome e en vigor.

2.- Para a participación nas competicións de tenis organizadas pola FGT ou RFET será obrigatoria a posesión desta licenza.

Capítulo 2º - Clube Federado.

Artigo 8º.

1.- Enténdese por club federado, todo club que se atope nas listas da FGT; estando en vigor a súa alta, e cos pagos de cotas abonadas que se fixen anualmente pola asemblea xeral e que participen nas actividades e competicións organizadas pola FGT.

2.- A FGT tramitará a súa alta na RFET para poder participar nas competicións autonómicas e estatais.

3.- Axustándose o regulamentado para cada competición deportiva.

4.- No caso de fusións ou absorcións de clubs, o club resultante terá os dereitos e



obrigacións de ámbalas dúas entidades.

Capítulo 3º - Incompatibilidades.

Artigo 9º.

O/a deportista federado estará sometido ás seguintes regras en materia de incompatibilidade:

- a) Non se poderá dispoñer de mais de unha licenza en vigor, expedida pola FGT.
- b) A/o deportista non poderá estar federado, á vez, en mais dun club.

Artigo 10º.

No caso de confirmarse unha duplicidade, comprobarase a autenticidade das licenzas a través dos clubs correspondentes, que deberán aportar a documentación acreditativa nun prazo de 10 días. Se non o fixeran, anularanse as licenzas que non resulten debidamente acreditadas, sen perxuício doutras sancións disciplinarias ás que houbera lugar.

Capítulo 4º - Dereitos dos Xogadores e Clubs.

Artigo 11º.

Os/as deportistas federados que non estén suxeitos a sanción disciplinaria que llo impida, terán ademais de outros que podan corresponderlle especificados nos Estatutos da FGT, os dereitos seguintes:

- a) Participar nos Campionatos, se cumpren os demais requisitos deportivos establecidos para cada un dos mesmos.
- b) Formar parte das listas que se establezcan para a obtención de becas e outras axudas.
- c) Participar en tódalas probas oficiais de organización aberta que se celebren en territorio nacional, coas limitacións de inscricións relativas a prazas en número de participantes.
- d) Representar a España e Galicia en competicións internacionais, tanto individuais como por equipos.
- e) Que sexan contabilizadas no ranking nacional e internacional tódalas súas actuacións nas probas oficiais valedoras para ranking.
- f) Que sexan remitidos á RFET e á ITF os resultados obtidos nas probas valedoras para ranking e celebradas en territorio nacional.
- g) Que se vixile que sexan contabilizados pola RFET e ITF, tanto para ranking como para normas e títulos, os resultados obtidos en competicións disputadas e postas en coñecemento da FGT.
- h) Que sexan solicitados a RFET e ITF os títulos aos que, por os seus resultados, se fixeran acreedores.



- i) Obter calquera tipo de designación, axuda ou subvención que puidera corresponderlle da FGT ou RFET.
- j) Percibir remuneración de calquera especie.
- k) A ser elector e elixible de acordo co regulamento electoral vixente

Artigo 12º.

Os clubs federados que non estean suxeitos a sancións que llo impidan, terán ademáis doutros que poidan corresponderlle especificados nos Estatutos, os dereitos seguintes:

- a) Que os deportistas con licenza en vigor a el pertencentes sean admitidos a participar nas probas federativas, de acordo as normas que para cada competición de establezcan.
- b) Que os seus equipos representativos en cada categoría, sexan admitidos a participar nas probas federativas de acordo coas normas que para cada competición se establezcan.
- c) Solicitar a organización dos diferentes campionatos galegos, e optar a súa concesión de acordo coas normas dictadas pola FGT.
- d) Representar a Galicia nas competicións nacionais, sempre que se faga acreedor o posto de acordo coas normas dictadas.
- e) Participar en calquera competición autonómica, nacional e internacional organizada ou tutelada pola FGT, RFET ou ITF.
- f) Organizar calquera outra competición homologada pola FGT ou RFET, sempre que na súa organización, bases e desenvolvemento se cumpran o establecido para a mesma.
- g) A ser elector e elixible de acordo co regulamento electoral vixente

Capítulo 5º - Deberes e Obrigacións dos Xogadores e Clubs.

Artigo 13º.

Os/as deportistas federados terán, ademáis doutras que lle poidan corresponder de acordo cós Estatutos, e demais normas que lle sexan de aplicación, as obrigacións seguintes:

- a) Acatar as decisións dos órganos de goberno da FGT, sen perxuício dos recursos que legal ou estatuariamente poidan interpoñer.
- b) Mostrar en todo momento un comportamento correcto cos demais deportistas, árbitros, organizadores, etc., e unha conducta ética e deportiva que se lle exige a os practicantes deste deporte.
- c) Representar á FGT nas competicións nacionais cando sexan seleccionados por esta, ou se fixeran acreedores a esta representación polos resultados deportivos.
- d) Aterse ás normas establecidas neste Regulamento, para a súa participación nos distintos campionatos.



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



Artigo 14º.

Os clubs federados terán, ademais doutras que lle poidan corresponder de acordo cos estatutos e demais normas que lle sexan de aplicación, as obrigacións seguintes:

- a) Ceder os seus deportistas para que acudan aos compromisos e competicións en que interveña a FGT, formando parte do equipo galego, cando sexan seleccionados, ou se fagan acreedores o posto polos seus resultados deportivos, antepoñendo esta obriga a calquera outro compromiso que poida tero club nas mesmas datas.
- b) Permitir ós seus deportistas federados participar nas competicións organizadas ou homologadas pola FGT, especialmente nas probas contempladas neste regulamento.
- c) Non permitir que nas probas que organice, concedidas ou homologadas pola FGT, participen deportistas que non estean en posesión da licenza corespondente.
- d) Cumplir e facer cumprir en tódalas competicións as normas que en cada momento a FGT, RFET e ITF teñan en vixencia.
- e) Cursar ao organismo federativo correspondente as solicitudes e reclamacións que os/as seus deportistas lles presenten, relativas a súa actuación nas diversas probas nas que participara ou poidan participar; así como calquera outra petición razonada de interés para os/as deportistas e que necesite do apoio e tutela do club.
- f) Tramitar cada tempada as licenzas federativas do seu club e dos seus deportistas á FGT, nos prazos que se determinen, nas condicións establecidas neste regulamento.
- g) Acatar as decisións dos Organismos Federativos, sen perxucio dos recursos que legalmente lles poidan corresponder.
- h) Comunicar os cambios de denominación, ou demais datos documentais que sufra o club, así como as baixas ou cambios nos rexistros deportivos e administrativos correspondentes.
- i) Aterse as normas establecidas neste regulamento, para a súa participación nos distintos campionatos oficiais.
- j) Aterse o establecido neste regulamento, e as normas que para cada competición se dicten, para a confección dos seus equipos, tanto de deportistas titulares como de suplentes.

Artigo 15 -Función de expedición de licenzas.

1.- A FGT na súa condición de delegada no exercicio desta función pública de carácter administrativo, é competente, en réxime de exclusividade, para emitir e tramitar licenzas federativas de tenis na Comunidade autónoma de Galicia, baixo a tutela da Administración deportiva autonómica.





FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS
FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO
OFICINA 1 - 36209 VIGO
TELÉFONO: 986 21 29 82
G15102767



A Federación Galega de Tenis exercerá a función de expedición de licenzas federativas de forma directa, sen que esta sexa obxecto de delegación ou substitución sen que estea autorización da Administración deportiva autonómica.

3.- A expedición de licenzas federativas ten carácter regulado, e o seu expedición a calquera solicitante que reúna as condicións necesarias para a súa obtención.

4.- A Federación Galega de tenis informará sobre os requisitos a calquera interesado necesarios para obter os seus distintos tipos de licenzas.

Artigo 16.- Tramitación e emisión de licenzas.

1.- As solicitudes de licenza deberán ser formuladas polo club ao que estean vinculados/polo interesado ou os seus representantes legais a través dos modelos específicos establecidos pola Federación Galega de Tenis, acompañando os preceptivos documentos sinalados nos ditos modelos para cada tipo de solicitude, que será de libre acceso a través da páxina web da federación.

2.- O prazo de solicitude de licenza para cada tempada comeza o 01/09/ do ano de inicio da tempada e conclúe o 30/08 do ano de fin da tempada.

3.- As solicitudes de licenzas que presenten as entidades deportivas deberán realizarse por medios electrónicos.

4.- As solicitudes de licenza de menores deberán estar formalizadas polos pais, titores ou institución que exerza a súa representación legal.

5.- A tramitación das solicitudes correspóndelle ao persoal laboral da federación

6.- Calquera solicitude que sufra algún requisito subsanable dará lugar á solicitude do interesado para que, no prazo de dez días hábiles, subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos. Se o interesado non corrixe os defectos observados no citado prazo, considerarase que desistiu da súa solicitude.

7.- A resolución sobre a concesión ou denegación de licenzas correspóndelle ao presidente da Federación ou persoa en quen delegue.

8.- As solicitudes de licenza deberán ser expedidas e postas a disposición do solicitante ou, se é o caso, denegadas xustificadamente, no prazo máximo dun mes contado desde o seguinte ao da entrada na Federación da solicitude debidamente formalizada.

9.- O cómputo do prazo a que se refire o apartado anterior quedará suspendido polo tempo que media, se é o caso, entre a esixencia de subsanación de defectos e o seu efectivo cumprimento por parte do interesado.

10.- Calquera solicitude de licenzas entenderase estimada se non se notifica resolución expresa no prazo máximo sinalado no apartado oitavo deste artigo.





FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO
OFICINA 1 - 36209 VIGO
TELÉFONO: 986 21 29 82
G15102767



11.-Contra a denegación expresa da licenza solicitada ou contra a denegación da entrega do documento xustificativo da obtención da licenza por silencio positivo, interpoñerase recurso de alzada ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo dun mes, previo esgotamento da vía federativa mediante impugnación ante a Comité de Apelación que se presentará no prazo dun mes.

Artigo 17.- Anulación de licenzas.

1.- Serán causas de anulación das licenzas concedidas:

a) A falsidade dos datos facilitados para obtelo.

b) Ter incorrido en duplicidade de licenza, vinculado a máis dun club, caso en que se anulará a licenza máis recente.

c) Ter incurrido en incompatibilidade entre dúas ou máis licenzas de acordo co establecido neste regulamento.

d) Ningún caso de licenzas expedidas por silencio positivo, e sempre que a federación considere que non reúne dous requisitos imprescindibles para a súa obtención, antes de resolvelo.

A baixa concederáselle ao titular da licenza un prazo de 30 días para cumprir co requisito que non cumprise.

2.-O procedemento de anulación da licenza poderá iniciarse de oficio ou por denuncia e na súa tramitación, que será realizada por persoal laboral federativo, debendo garantirse a audiencia do interesado durante un prazo de dez días hábiles.

3.- A resolución de anulación ou mantemento da vixencia das licenzas correspóndelle ao presidente da Federación e contra ela interpoñerase recurso de alzada ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo dun mes previo ao esgotamento da vía federativa mediante impugnación ante a Comité de Apelación a interpoñer no prazo dun mes.

Artigo 18.- Protección de datos persoais.

1.- A recollida, tratamento, cesión e calquera acto análogo respecto dos datos persoais das licenzas federativas axustarase ás disposicións vixentes en materia de protección de datos de carácter persoal.

2.- A recollida e tratamento dos datos persoais achegados coas solicitudes de licenza das persoas físicas ten por obxecto a tramitación e xestión das licenzas federativas e posibilitar a participación destas nas actividades federadas.

3.- Os datos obtidos só serán cedidos e cedidos a entidades e organismos esenciais para a realización das finalidades derivadas do exercicio das competencias inherentes á licenza durante o tempo que o interesado permaneza integrado na organización





FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



federada, con as garantías establecidas na normativa de protección de datos e sen prexuízo dos dereitos que lle asisten nesta materia.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa aprobación pola Xunta Directiva e Comisión Delegada da FGT, o día 03/12/2021, e ratificado pola Asemblea Xeral da FGT na reunión do 18/12/2021.

